


Un libro de poemas de Aurelio Aguirre Galarraga

Entre os fondos documentais que custodia o Museo de Pontevedra, dependente da Deputación Provincial, atópase o libro titulado *Recuerdos de agosto*, un conxunto de poemas manuscritos do malogrado escritor Aurelio Aguirre Galarraga, algúns xa publicados, sobre todo na obra *Poesías selectas* de 1901.



Esta peza forma parte dun conxunto documental identificado coas iniciais C.A.A. (citado desta maneira por expresa indicación do seu anterior propietario), adquirido polo Museo no ano 1987. Na xestión e tramitación da dita compra interviñeron o coñecido bibliófilo Antonio Odriozola como estreito colaborador, asesor en temas bibliográficos e naquel entón patrón bibliotecario do Museo, e Carlos Valle como novo director da institución.

A colección C.A.A. é moi variada, tanto en tipoloxía como en temática: follas voandeiras, manuscritos de varios autores, protocolos, curiosidades, executorias de nobreza, etc. Destaca por exemplo a serie de 36 documentos medievais en pergameo, a maior parte deles relativos ós mosteiros de Monfero e Sobrado e á comarca de Betanzos.


O conxunto de poemas manuscritos de Aurelio Aguirre está encadernado en pel de cor verde con cenefas en dourado e co título e as iniciais do autor gravados no lombo. Descosidas da encadernación hai tres follas que conteñen un poema dedicado a Aguirre por Francisco Santos Ugarte, datado en Santiago en xaneiro de 1856, e un índice do contido do tomo. Algunhas páxinas do

libro foron arrincadas, polo que índice e contido non se corresponden exactamente. Ningún dos poemas está asinado polo autor, se ben se cotexou a letra con outras composicións autógrafas que se custodian no arquivo do Museo, e os poucos que aparecen datados oscilan entre os anos 1856 e 1857.




O volume quedou asentado no libro de Rexistro de Entrada do Museo o 20 de agosto de 1987 co número 10.723. Desde ese momento figurou nos sucesivos inventarios da colección perfectamente identificado e a súa ficha foi posta no sistema integrado de xestión bibliotecaria Absys unha vez adquirido o programa para o tratamento dos fondos bibliográficos da institución. Ambas ferramentas, inventarios e catálogo, estiveron en todo momento a disposición dos usuarios na sala de investigadores do Museo.

Ademais do orixinal manuscrito, na mesma colección atópase unha serie de follas voantes impresas con obras do mesmo autor. O poema titulado “Al Liceo de la Juventud. Inspiración”, datado en Santiago o 11 de xaneiro de 1856 e saído da imprenta e litografía de Juan Rey Romero, correspóndese cunha das composicións manuscritas de *Recuerdos de agosto*. Tamén a obra “Al invicto Duque de la Victoria”, impresa en Santiago o 27 de febreiro de 1855 por Jacobo Souto e hijo, aparece relacionada no índice, pero non ocupa o lugar que lle correspondería no orixinal. Por último, “La tapada” e “Inspiración al Liceo”, este último composto con motivo do 10º aniversario do Liceo de la Juventud de Santiago e datado o 6 de xaneiro de 1857,



ambos da litografía de Rey Romero, son os outros dous exemplos de composicións impresas de Aurelio Aguirre neste formato.



Tamén resultan curiosas as dúas poesías de Camilo V. Feijoo e Juan Manuel Paz dedicadas ó escritor trala súa trágica e prematura morte en 1858 e impresas por Paz y Hermanos en Ourense.

Coincidindo co 180º aniversario do nacemento de Aurelio Aguirre Galarraga a Editorial Alvarellos anuncia a próxima edición deste libro de poemas, o que sen dúbida é unha moi boa noticia para a difusión dos fondos do Museo e o engrandecemento das nosas letras.

MARÍA JESÚS FORTES ALÉN
Arquiveira do Museo de Pontevedra